

Información da mesa 15ª do convenio colectivo estatal de infantil (25/04/19)

Os sindicatos estatais venden as traballadoras plegándose á proposta da patronal e asinarán un mal convenio o 22 de maio

Consúmase o entreguismo do trío UGT-FSIE e USO ao aceptar as propostas salariais das patronais, con dúas mínimas modificacións, que para a CIG-Ensino son inasumibles e inadmisibles como xa viñemos manifestando coherentemente nas anteriores mesas. Non só rexeitaron, unha vez máis, a nosa proposta de mobilizacións conxuntas e loitarmos por un convenio digno, senón que incluso “agradeceron o esforzo” das patronais.

Nesta 15ª mesa de negociación evidenciouse unha vez máis o modelo sindical pactista e entreguista do resto de OO.SS ao aceptar as propostas salariais das patronais con dúas mínimas concesións ridículas e insultantes, pero que a UGT, FSIE e USO lles valeron para vender os dereitos dos traballadores/as que “representan” e pregarse á patronal nunha actitude totalmente servil.

Estas dúas concesións foron: **aumentar a proposta de 925€ a 930€ comezando a pagalos dende o mes seguinte á data de sinatura do convenio**, que será o 1 de xuño, e unha **cláusula para que se convoque a mesa negociadora se hai modificacións no SMI para adaptar as táboas salariais ao mesmo**.



A continuación expoñemos as propostas salariais acordadas e o resto do convenio quedaría tal cal está, só con adaptacións legais ao texto (novas Leis, novos R.D., cambios E.T... xa de obrigado cumprimento) que se redactarían en mesas técnicas o 6, 13,21 e 22 de maio, data esta última na que xa se asinaría o XII convenio.

PROPOSTA DE TÁBOAS XERAIS

Para os anos 2016, 2017 e 2018, mantemento dos salarios, é dicir, **conxelación**.

	MESTRES/ ASTITULADOS	EDUCADORES/AS	RESTO PERSOAL
ANO 2019	Suba do 2% dende 1 de xuño	930€ dende o 1 de xuño (5% suba co C.E. incluído)	900€ dende 1 de xuño
ANO 2020	Suba do 2% dende setembro		
ANO 2021	Suba do 1% dende setembro (revisable co IPC)		

PROPOSTA TÁBOAS XESTIÓN INDIRECTA

	MESTRES/ASTITULADOS (grupo cotización 2)	EDUCADORES/AS (grupo cotización 2)	RESTO PERSOAL (grupo cotización 2)
ANO 2019	Suba do 1,5% (pregos en vigor ou con prórroga) Suba do 3% (novos pregos licitados dende 1/01/2019) Dende 1/01/2019 nos 2 casos.	910€ (pregos en vigor ou con prórroga) C.E. incluído. 1000€ (novos pregos licitados dende 1/01/2019) C.E. incluído. Dende 1/01/2019 nos 2 casos.	900€ (pregos en vigor ou con prórroga) 950€ (novos pregos licitados dende 1/01/19) Dende 1/01/2019 nos 2 casos
ANO 2020	Suba do 1,5% dende setembro (pregos en vigor ou con prórroga)		
	3% (novos pregos licitados dende 1/01/2019) Dende 1/01/2020	1.100€ (novos pregos licitados dende 1/01/2019) C.E. incluído Dende setembro	1000€ (novos pregos licitados dende 1/01/2019) Dende setembro
ANO 2021	IPC ano anterior cun mínimo do 2% de suba. Dende setembro	1.122€ (para todo tipo de pregos) C.E. incluído Dende setembro	1020 € (para todo tipo de pregos) Dende setembro

A partir de setembro de 2021, o grupo de mestras/es igualarán salarios co dos novos pregos dende 1/01/2019.

CLÁUSULAS DE GARANTÍA:

- Ao traballador/a que teña un salario total (salario máis complementos), con absorción e compensación do complemento específico, no seu caso, superior ao establecido anteriormente, respectaráselle dito salario.
- Estabélcese un período transitorio até setembro de 2021 para os traballadores/as dos centros con contratos ou subvencións en vigor anteriores ao 1/01/2019 (inclúense posibles prórrogas), para que se vaian incorporando aos salarios dos novos pregos licitados a partir de dita data. Con efectos de 1-9-2021 aplicarase con carácter xeral e obrigatorio a incorporación de todos/as os/as traballadores/as a ditos salarios.
- No caso de novos SMI en 2020 e 2021 reunirase a mesa de negociación para “adaptar as táboas salariais”.

A CIG-ENSINO FARÁ TODO O POSIBLE PARA FREAR ESTE ACORDO CARENTE DE NEGOCIACIÓN, IMPOSITIVO, PRECARIO E FRAUDULENTO PARA O SECTOR COA FINALIDADE DE DIGNIFICAR O CONVENIO

Xa na propia mesa de negociación a CIG-Ensin, por enésima vez, propuxemos mobilizar o sector para presionar as patronais polo seu involucionismo e inmovilismo, na busca dun **CONVENIO DIGNO E XUSTO**, con melloras reais laborais e salariais. A resposta foi non, unha vez máis, polos sindicatos que decidiron entregarse ás patronais e antepoñer os seus intereses aos dos/as traballadores/as que din representar.

Agora as **OO.SS** que non o asinamos temos que denunciarmos e mobilizarnos para frear a sinatura do mesmo e intentarmos cambiar as dinámicas pactistas e entreguistas que dende fai moito tempo levan traizoando aos/ás traballadores/as, rematando coa precariedade laboral e salarial e coa mesma dinámica mobilizadora intentarmos **camiñar cara un CONVENIO GALEGO**. Esta é a única vía que sempre defendemos dende a CIG-Ensin para achegar as negociacións aos/ás traballadores/as, para que o persoal poida decidir e conquistar, como existe noutras CC.AA do estado, un convenio autonómico digno e xusto.

Este 1º de maio a CIG-Ensin manifestará o seu rexeitamento á sinatura deste XII Convenio Estatal por afondar na precariedade e non contar co apoio e respaldo dos traballadores/as do sector. Neste sentido, facemos un chamamento a todo o persoal dos centros de ensino infantil a manifestarse coas delegadas e delegados da CIG neste sector para loitar por un convenio digno e xusto e de carácter galego.